

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 30 DE SETEMBRO DE 2024**

### **ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D. Ángel Salvador García Cordero (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D<sup>a</sup>. María Ángeles Bello Salazar (ídem)

D. Javier Novo Rodríguez (ídem)

D<sup>a</sup>. Margarita Díaz Sanz (ídem)

D. Eladio Romero Neira (PP)

D. Jonathan Fernández Ríos (ídem)

D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG)

D. Rubén Ríos Curbeira (ídem)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA)

*Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e catro minutos do día trinta de setembro de dous mil vinte e catro, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os que integran o Pleno. D<sup>a</sup>. Margarita Díaz Sanz incorpórase á sesión no segundo punto da orde do día, ao tomar posesión do cargo. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de dar continuidade aos protocolos de seguridade e saúde inicialmente establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 05/08/2024**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade (neste punto da orde do día 10 concelleiros/as), presta aprobación á citada acta.

### **2º.- TOMA DE POSESIÓN DE D<sup>a</sup>. MARGARITA DÍAZ SANZ NO CARGO DE CONCELEIRA**

Dáse conta de que o Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 5/8/2024, tomou coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro deste Concello de Neda, presentada en legal forma por D. José Manuel Sanmartín Fornos, pertencente á candidatura “Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)” e incardinado no grupo municipal “Agrupación Socialista, PSdeG-PSOE, de Neda”, e acordou solicitar á Xunta Electoral Central a expedición da credencial acreditativa da condición de electa a favor de D<sup>a</sup>. MARGARITA DÍAZ SANZ, candidata seguinte na candidatura de “Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)” nas eleccións locais de 2023, quen aceptou expresamente a citada solicitude.

Vista a credencial de Concelleira expedida pola Xunta Electoral Central con data

14/08/2024 pola que se designa a D<sup>a</sup>. MARGARITA DÍAZ SANZ, como Concelleira Electa por estar incluída na lista de candidatos presentada por “Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)” ás eleccións locais de 28 de maio de 2023, por renuncia de D. José Manuel Sanmartín Fornos.

Visto que consonte co establecido no artigo 75.7º da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e artigos 30 a 32 do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, a Concelleira electa presentou declaracións de intereses e actividades, non existindo impedimento legal para a súa toma de posesión.

A continuación procédese ao xuramento ou promesa pola Sra. Díaz Sanz do cargo de Concelleira deste Concello de Neda, a tal fin polo Secretario da Corporación dáse lectura á fórmula legalmente establecida:

“Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Concelleira do Concello de Neda con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”.

Respondendo a Sra. Díaz Sanz que promete.

Prestada a promesa toma así posesión do seu cargo de Concelleira do Concello de Neda e incorpórase á sesión a Concelleira D<sup>a</sup>. MARGARITA DÍAZ SANZ.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 19/2024 AO 28/2024**

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

### **4º.- NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DE NEDA**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, adoptado en sesión ordinaria de 23 de setembro de 2024, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 5 de agosto de 2024, adoptou acordo do seguinte tenor literal:

“”8.a) Escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a elección de xuíz/a de paz titular (Exp. TEDeC 2024/E001/000003).-

*A Xunta de Goberno Local coñece do escrito, con RXE 896, do 26.07.2024, que remite o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que en cumprimento do acordado pola Sala de Goberno do 05.07.2024, comunica que estando próximo a vencer o período -catro anos- polo que se nomeou xuíz/a de paz titular dese municipio, acordou oficiar a este Concello a fin de que se inicie un novo expediente para elixir xuíz/a de paz titular no prazo de tres meses, de acordo co artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do poder*

xudicial.

*Deberase remitir ao citado órgano copia completa do expediente tramitado, onde constarán as solicitudes, documentación presentada e profesión da persoa designada.*

*De acordo co disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do poder xudicial e demais concordantes e de xeral aplicación da citada Lei e co disposto no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:*

**Primeiro.** *Aprobar a convocatoria pública para cubrir a vacante de Xuíz de Paz titular deste municipio, que se rexerá polas seguintes bases:*

- a) *Requisitos dos candidatos. Ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.*
- b) *Presentación de candidaturas. As persoas interesadas en optar ao cargo presentarán as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de quince días hábiles a partir da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia.*
- c) *Documentos que se achegarán á solicitude:*
  - *Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.*
  - *Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculcado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.*
  - *Certificado médico de non padecer doenza que incapacite para o exercicio do cargo de Xuíz de Paz.*
  - *Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade para exercer o cargo.*
  - *Xustificación dos méritos que se alegue, no seu caso.*

**Segundo.** *Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e nos taboleiros de anuncios do Concello e do Xulgado de Paz.*

**Terceiro.** *Consonte co establecido no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do poder xudicial, o xuíz/a de paz será elixido polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. Se non houberse solicitante, o pleno elixirá libremente.*

**Cuarto.** *Darlle traslado deste acordo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento””.*

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, constan presentadas un total de catro, unha das cales sen aportar a documentación completa requirida na

convocatoria, se ben por parte do Secretario Xeral do Concello infórmase que trátase de documentación subsanable, de tal xeito que, de ser proposta a candidata referida, debería ser requirida para completar a documentación correspondente.

Previa deliberación e exame das candidaturas, a Comisión Informativa en votación ordinaria con voto ponderado e por unanimidade, acorda propoñer o nomeamento como xuíz de paz titular de Neda de D<sup>a</sup>. Oliva Ardao Veiga, considerada idónea por ser unha veciña de Neda, contar con titulación académica de grao superior, ao estar en posesión do título de Licenciada en Economía, e ter exercido o cargo durante os oito anos pasados, sen obxección algunha.”

Seguidamente o Pleno coñece do informe emitido polo Secretario Xeral do Concello, preceptivo ao tratarse dun asunto que require maioría absoluta para a súa aprobación.

A continuación sométese o asunto a VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade (e, por tanto, por maioría absoluta) acorda propoñer ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o nomeamento de D<sup>a</sup>. Oliva Ardao Veiga, como xuíz de paz titular de Neda, considerada idónea por se unha veciña de Neda, contar con titulación académica de grao superior, ao estar en posesión do título de Licenciada en Economía, e ter exercido o cargo durante os oito anos pasados, sen obxección algunha.

#### **5º.- PREAVISO DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE “SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NAS MODALIDADE DE DEPENDENCIA E BÁSICA OU LIBRE CONCURRENCIA”**

O Pleno coñece da proposta da Alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión de 23 de setembro de 2024, do seguinte tenor literal:

#### **Proposta da Alcaldía**

“**Asunto:** Preaviso de prórroga do contrato de “SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E BÁSICA OU LIBRE CONCURRENCIA”.-

**Expediente en TEDeC:** 2022/C004/000001

Dáse conta de que con data do 26.12.2022, formalizouse este contrato coa entidade “OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS, S.L.” - (C.I.F. núm: B70493275), iniciando a súa vixencia o día 01.01.2023.

Consta no contrato formalizado que: *este contrato iniciaría su vigencia el día 01/01/2023 y tendrá una duración de DOS AÑOS, pudiendo ser objeto de prórrogas anuales hasta*

*alcanzar una duración total de CUATRO AÑOS.*

Sendo de interese deste Concello prorrogar o dito contrato, por canto que se trata dun servizo de carácter asistencial, obrigatorio, e que ofrece unha axuda de atención persoal e doméstica que posibilita aos seus beneficiarios o desenvolvemento no propio domicilio, e a integración no entorno comunitario, evitando situacións de aillamento. Deste xeito estanse a prestar unha serie de atencións no propio fogar que facilitan a permanencia de tales persoas no seu entorno habitual.

Tendo en conta o disposto no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP),

Propónse ao Pleno municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Comunicar a mercantil "OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS, S.L.", CIF B70493275; o preaviso de prórroga, e acordar a prórroga por 1 ano, do contrato suscrito o día 26.12.2022, para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E BÁSICA OU LIBRE CONCURRENCIA”. Todo isto de xeito que a vixencia do mesmo, salvo posibles prórrogas ata a súa duración máxima, se estendería ata o 31.12.2025.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria.”

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE e 5 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de PP, BNG e MOVENEDA, quedando convertida en acordo nos seus propios termos.

## **6º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2023**

### **Proposta da Alcaldía ao Pleno Municipal**

**Asunto:** Aprobación Conta Xeral do exercicio 2023 do Concello de Neda

**Nº Expediente TEdC:** 2024/T017/000001

Dictaminado pola Comisión Especial de Contas o expediente da Conta Xeral do exercicio 2023 na sesión celebrada o día 8 de agosto de 2024, levouse a cabo a súa exposición pública a través de anuncio publicado no BOP nº 156 do día 14 de agosto de 2024,

Transcorrido xa o prazo de exposición pública, e co fin de remitir a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia, procede agora sometela a aprobación do pleno municipal,

En base ao anterior, esta alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2023 do Concello de Neda, de cuxo contido plásmanse a continuación as seguintes magnitudes contables e orzamentarias:

#### **a) Balance de Situación.**

CONCEPTO	IMPORTE
ACTIVO	31.495.222,32€
PASIVO	31.495.222,32€

O Balance amósanos, nun momento dado de tempo (neste caso, a 31 de decembro de 2023), os bens e dereitos a favor da entidade que forman o seu activo e as obrigas en que incorreu para conseguilo, que serían o seu pasivo. A diferenza entre ambas masas mostra o patrimonio pertencente á entidade.

Dende un punto de vista económico, o balance mostra as fontes de financiamento e o investimento ou aplicación dada a ese financiamento. O Plan Xeral de Contabilidade adaptado á Administración Local establece que o Balance comprende coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade. E na súa formulación debe terse en conta todo o regulado no apartado 6º da terceira parte do plan adicado ao balance.

No cadro anterior móstrase como o balance de situación do Concello de Neda a 31 de decembro de 2023 ascende, tanto no activo como no pasivo, a 31.495.222,32€, importe superior á cifra alcanzada no exercicio anterior (31.162.427,65€), o cal supón un incremento de (332.794,67€), en torno a un 1,068%. No ano 2022 a porcentaxe de incremento fora do 1,02%, polo que as variacións mantéñense dun exercicio para o seguinte en cifras moi similares.

#### **b) Conta do resultado económico-patrimonial.**

Esta conta amósanos o resultado económico-patrimonial do exercicio e está formada polos ingresos e polos gastos do mesmo, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio neto de acordo co previsto nas normas de recoñecemento e valoración.

A diferenza entre ambas partes é o resultado do exercicio, que será de aforro se os ingresos e os beneficios contables son maiores que os gastos e perdas; ou desaforro se sucede o contrario.

No exercicio 2020 houbera un aforro moi elevado, 819.746,24€ - 40.773,33€ de axustes (frente aos de 143.541,68€ que resultarían no ano 2019), suma do aforro derivado de operacións non financeiras e o aforro das operacións financeiras. Con ocasión da execución do exercicio 2021, resultou unha cifra de aforro de 398.237,45€, que cos axustes aplicados neste exercicio resulta de 370.444,56€; cifra inferior á alcanzada no ano 2020. No exercicio 2022, o importe do aforro situouse en 301.363,37€, algo inferior á alcanzada no exercicio anterior.

E agora, no exercicio 2023, hai un desaforro de 82.056,73€, como consecuencia do aumento producido nos gastos de xestión ordinaria, gastos de persoal e gasto corrente; como consecuencia do emprego dunha cifra importante do recurso do remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación 2022 para financiar maiores gastos durante o exercicio 2023.

En liñas xerais o que sucedeu foi que aínda que os ingresos de xestión ordinaria foron algo superiores á cifra alcanzada no exercicio anterior (aumentaron os dereitos recoñecidos por taxas pero diminuíron os dereitos recoñecidos por impostos, e tamén aumentaron lixeiramente, os importes das transferencias recibidas); os gastos de xestión ordinaria foron

superiores en torno a 530.000€ respecto á cifra alcanzada no exercicio anterior (fundamentalmente este incremento afectou aos suministros e servizos externos existentes e a gastos de persoal). De aí a cifra de desaforro que se xenerou no ano 2023 en canto á xestión ordinaria, e que deu lugar á cifra do resultado neto negativo no exercicio 2023 de 82.056,73€.

No apartado de operacións financeiras o resultado foi positivo, pero inferior ao alcanzado o ano anterior.

### c) Estado de liquidación do orzamento.

O Estado de liquidación do Orzamento obtense con anterioridade ao resto de estados e contas que integran a Conta Xeral. O RD 500/1990, de 20 de abril, establece que o peche e liquidación dos Orzamentos da Entidade Local efectuarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural, debendo confeccionarse os estados demostrativos da liquidación antes do 1 de marzo, para que durante ese mes poida aprobarse, previo informe de Intervención, e remitirse á Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda antes de que finalice o mes.

Pola súa parte, a Conta Xeral debe someterse a informe da Comisión Especial de Contas antes do 1 de xuño e nada dí dela o regulamento orzamentario, sendo o TRLRFL e as Instrucións de Contabilidade o marco normativo da Conta Xeral.

O Estado de Liquidación do Orzamento comprende a liquidación do orzamento de gastos e do orzamento de ingresos, e o resultado orzamentario. No cadro seguinte móstranse resumidos os datos obtidos para o exercicio 2023.

En relación á liquidación do Orzamento, esta Intervención remítese aos informes emitidos o día 15 de marzo de 2024, con ocasión da fiscalización do dito expediente.

En todo caso, e de acordo cos estados contables, **o resultado orzamentario** presenta o seguinte desglose:

CONCEPTO	DEREITOS NETOS	OBRIGAS NETAS	SALDO
Operacións correntes	5.085.541,64	5.057.211,76	28.329,88
Capítulo 6	0,00	583.102,36	-583.102,36
Capítulo 7	117.221,25	0,00	117.221,25
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>			<b>-437.551,23</b>
Activos Financeiros	13.447,71	7.442,13	6.005,58
Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>			<b>6.005,58</b>
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO TOTAL</b>			<b>-431.515,65</b>
Desviacións negativas financiación (+)			+324.670,67
Desviacións positivas financiación (-)			- 169.043,99
Gtos financiados con remanente líquido de tesourería			+ 299.327,14
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>			<b>23.408,17</b>

A cifra que arroxa o RP do Concello no exercicio de 2023 antes de axustes é NEGATIVA en 431.515,65 €, o que pon de manifesto que, inicialmente, os ingresos non financeiros non foron suficientes para atender as obrigas non financeiras, dado o alto grado de execución do orzamento de gastos que se alcanzou neste ano 2023. En 2022 o resultado antes de axustes

fora positivo en 280.552,77 (cifra positiva e superior á alcanzada no exercicio 2021, que fora de 150.876,02€), por canto que os ingresos por operacións correntes foron superiores aos alcanzados no exercicio 2021 aínda que tamén as obrigas por operacións correntes foron superiores ás recoñecidas no exercicio anterior, pero en todo caso, os ingresos correntes foron superiores aos gastos correntes. No caso das operacións dos capítulos 6 e 7, cómpre indicar que se executou máis gasto en investimento que os ingresos por transferencias de capital percibidos durante o ano, o cal implicaría que, neste caso, houbo fondos propios que financiaron investimentos.

**d) Estado de liquidación do orzamento demostrativo dos dereitos a cobrar e obrigas a pagar procedentes de exercicios pechados:**

Estado liquidación do orzamento demostrativo dos dereitos a cobrar procedentes de exercicios pechados:

CONCEPTO	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 01-01-2023	631.649,15
Rectificación en dereitos pendentes de cobro durante o exercicio	+ 1.248,27
Dereitos anulados de exercicios pechados por anulación de liquidacións	984,36
Dereitos anulados por prescripción	0,00
Dereitos anulados por insolvencias e outras causas	0,00
Cobros durante o exercicio	304.807,50
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 31-12-2023	327.105,56

Do anterior resulta que se cobrou o 48,24% (66,38% no exercicio 2022, 68,51% no exercicio 2021, e 66,59% no exercicio 2020) do total de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, quedando pendente de cobro o 51,76% (33,62% no exercicio 2022, 31,49% no exercicio 2021, e 33,41% no exercicio 2020). Como pode verse, neste ano hai una baixada respecto ás porcentaxes de anos anteriores, no que había máis similitude entre os importes que se alcanzaban en exercicios anteriores para a execución do orzamento de exercicios pechados. En consecuencia, cómpre insistir en que hai que seguir traballando na realización destes dereitos pendentes de cobro, pois do contrario causaríase un prexuízo económico á facenda municipal.

En relación ao tema modificación/anulación de dereitos, podería levarse a cabo un control financeiro a través do cal se poida facer unha análise máis completa ao respecto, pero para elo deberá incluírse no respectivo plan de control. De momento a fiscalización dos ingresos, e tendo en conta o disposto nas bases de execución, substitúese pola toma de razón en contabilidade.

Estado liquidación orzamento demostrativo obrigas a pagar de exercicios pechados:

CONCEPTO	IMPORTE
Obrigas e pagos ordenados pdtes pago exercicios pechados a 01-01-	180.916,73

2023	
Rectificación obrigas pdtes e en pagos ordenados durante o exercicio	0,00
Prescripcións	0,00
Pagos durante o exercicio	85.475,65
Obrigas e pagos ordenados pdtes pago de exerc. pechados a 31-12-2023	95.441,08

En consecuencia, pagouse o 47,24%. Tales pagos corresponden coas obrigas pendentes do ano 2022. Así pois, cómpre insistir que corresponderá levar a cabo unha depuración das obrigas de exercicios pechados, sobre todo das que figuran dos anos 2005 ata 2016.

#### e) Estado do Remanente de Tesourería.

O detalle que presenta esta magnitude neste exercicio 2023 é a seguinte:

	2023
<b>1. (+) Fondos líquidos</b>	<b>1.061.683,27</b>
<b>2. (+) Debedores pendentes de cobro:</b>	<b>715.614,96</b>
-De Pto. Corrente	388.335,17
-De Ptos. Pechados	327.105,56
-De operacións non presupostarias	174,23
<b>3. (-) Acredores pendentes de pago:</b>	<b>262.317,01</b>
-De Pto. Corrente	20.260,09
-De Ptos. Cerrados	95.441,08
-De operacións non presupostarias	146.615,84
<b>4. (-)/(+) Partidas pendentes de aplicación:</b>	<b>-167.945,01</b>
(+) Cobros realizados pendentes de aplicación	173.318,56
(-) Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00
<b>5. Remanente de Tesourería Total</b>	<b>1.347.036,21</b>
6. Saldos de dubidoso cobro	107.597,70
7. Exceso de Financiación Afectada	19.242,90
<b>8. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais</b>	<b>1.220.195,61</b>

Así pois, e como pode observarse, obtense un **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais positivo por importe de 1.220.195,61 euros (en 2022 fora de 1.679.817,47, en 2021 fora de 1.431.586,90 euros, no exercicio 2020 a cifra foi de 1.326.673,20 euros, e a alcanzada no ano 2019 situouse en 756.818,99€; no ano 2018 fora de 1.298.973,45 euros).**

**Básicamente, a diminución que experimenta esta magnitude respecto á cifra alcanzada en 2022 é consecuencia da baixada que se produce na tesourería municipal (533.721,34€), debido ao importante incremento de gastos producido por aumentos en capítulos de gastos de persoal e gasto corrente e tamén polo emprego do remanente de tesourería resultante de liquidacións anteriores, que permitiu incrementar os capítulos anteriores así como o de investimentos.**

#### f) ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO

Este estado está, á súa vez, dividido en tres partes:

- 1.- Estado total de cambios no patrimonio neto.

- 2.- Estado de ingresos e gastos recoñecidos.
- 3.- Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias.

En base á información que proporciona a contabilidade, leváronse a cabo axustes por modificación de dereitos de exercicios pechados que supoñen variacións no patrimonio neto derivados dos movementos que se producen como consecuencia disto na conta 1200 de Resultados do exercicio. Tales axustes derivan de modificacións no saldo inicial de dereitos recoñecidos de exercicios pechados relativos á taxa de basura por anulación de recibos; así como tamén de modificacións en imputacións de recibos de anos anteriores do IBI, segundo datos facilitados pola Deputación Provincial nas entregas periódicas que realiza. Tamén hai un axuste derivado dunha rectificación nunha obriga que quedara reflexada na conta 413. Así pois, queda reflexado no estado de cambios no Patrimonio Neto, no apartado de patrimonio xenerado, a variación que experimenta a conta 1200 ao longo do exercicio por tales variacións, e tendo en conta os saldos iniciais e finais.

Tamén se recibiron durante o exercicio 2023 subvencións que afectaron a contas de patrimonio neto. E isto por canto que agora co módulo de subvencións hai que levar a cabo o seguimento da imputación das mesmas ao resultado. Nesta entidade, óptase entón por levar a cabo un seguimento das subvencións que financian investimento, de xeito tal que a súa imputación faise en base a criterios de amortización. Dado que de momento aínda non está implantado un sistema de amortización do inmovilizado é polo que aparecen subvencións pendentes de aplicar a resultados.

Por todo isto, o dato da columna de subvencións recibidas coincide co dato das contas do subgrupo 13 do balance de situación, relativo ao importe das subvencións recibidas pendentes de aplicar a resultados.

Cómpre sinalar, eso sí, que os importes reflexados nestes listados deben coincidir cos datos que aparecen no balance de situación e na conta do resultado económico-patrimonial.

En relación a esta conta, só están cubertos o estado de cambios no patrimonio neto e o estado de ingresos e gastos recoñecidos. E isto por canto que tampouco neste exercicio se realizaron operacións coa entidade ou entidade propietarias.

O patrimonio neto que resultou a 31 de decembro de 2023 correspóndese co importe que aparece no balance a dita data na conta 100 de Patrimonio (30.369.077,86€). A 31 de decembro de 2022 a cifra alcanzada fora de 30.318.166,09 €, e a 31 de decembro de 2021 o dito importe fora de 29.796.644,37€.

No estado relativo aos ingresos e gastos recoñecidos, o que se mostra é o dato do resultado económico patrimonial que, como xa se mencionou anteriormente, resultou de desaforro en 82.056,73€ (por canto que os ingresos recoñecidos foron inferiores aos gastos executados). No exercicio 2022, a cifra fora dun aforro de 301.363,37. E no ano 2021 a cifra alcanzada fora de 398.237,45€.

E a este resultado de desaforro hai que aplicarlle tamén o importe que resulta da diferenza entre as contas do grupo 8 e 9 relativas a subvencións recibidas (importe ingresos por subvencións recibidas no exercicio, e o importe correspondente á parte das subvencións recibidas imputadas a resultado, segundo os criterios de imputación que se seguen na aplicación contable no módulo de xestión de subvencións).

## **g) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO**

O estado de fluxos de efectivo informa sobre a orixe e destino dos movementos que houbo nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta que tiveron no exercicio.

Os datos que aparecen neste listado teñen que estar acorde co epígrafe B VII do activo do balance. E, efectivamente, o importe do efectivo que figuran no estado de fluxos de efectivo ao

final do exercicio (1.601.683,27€) coincide co importe que aparece no epígrafe B VII do balance de situación a 31 de decembro.

Este Estado permite comprobar a relación entre cobros e pagos ao longo do exercicio, ao cal hai que engadir na parte final as existencias en tesourería ao inicio do exercicio. Sucedeu que, en liñas xerais, durante o ano 2023 os cobros derivados da actividade ordinaria que realiza o Concello foron algo superiores aos seus pagos (en 19.769,49€ moi lonxe da cifra alcanzada no exercicio anterior, que fora de 817.194,93€) e a cifra foi negativa en canto ao fluxo de cobros e pagos derivados de operacións de investimento (-582.344,62€), xa que en tales casos o Concello paga investimentos (con aforro xenerado en exercicios anteriores ou a través de subvencións que se ingresarán no exercicio seguinte) pero apenas recibe ingresos desta natureza. O saldo final das partidas pendentes de aplicación foi positivo en 28.853,79€. Pero en conxunto, a cifra final foi moi inferior á alcanzada no exercicio anterior (en 534.021,34€).

### h) Débeda viva a 31/12/203

ESTADO DE SITUACION E MOVEMENTO DA DEBEDA MUNICIPAL										
<b>1.- CÁLCULO DAS ANUALIDADES TEÓRICAS DE AMORTIZACIÓN DOS PRÉSTAMOS:</b>										
<b>1.1 PRÉSTAMOS VIVOS Ó 31/12/2023:</b>										
Préstamo	Capital	Xuros anuais	Anos amortiza.	Cotas ano	Total cotas	Xuros/cotas	Importe cote	Anualidade	Capital vivo 31/12/2023	
PAIDIPUTACION 2015	140.112,09	0,00000	10,00	1,00	10,00	0,00	14.011,21	14.011,21	140.112,09	
PAIDIPUTACION 2016	121.877,24	0,00000	10,00	1,00	10,00	0,00	12.187,72	12.187,72	121.877,24	
PAIDIPUTACION 2017	104.106,36	0,00000	10,00	1,00	10,00	0,00	10.410,64	10.410,64	104.106,36	
<b>TOTAL</b>	<b>366.095,69</b>	<b>0,00</b>	<b>30,00</b>	<b>3,00</b>	<b>30,00</b>	<b>0,00</b>	<b>36.609,57</b>	<b>36.609,57</b>	<b>366.095,69</b>	
<b>1.2.- PRÉSTAMOS PROXECTADOS</b>										
Préstamo	Capital	Xuros anuais	Anos amortiza.	Cotas ano	Total cotas	Xuros/cotas	Importe cote	Anualidade	Capital vivo	
Prevision indebedamento 2019	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
Prevision indebedamento 2020	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
Prevision indebedamento 2021	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
Prevision indebedamento 2022	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
Prevision indebedamento 2023	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
Prevision indebedamento 2024	0,00	0,0000	10,00	4,00	40,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
									0,00	
<b>1.3. TOTAL ANUALIDADES VIVAS E PROXECTADAS:</b>							<b>36.609,57</b>	<b>36.609,57</b>	<b>366.095,69</b>	
<b>2.- CÁLCULO AFORRO NETO e CALCULO ÓS EFECTOS DA AUTORIZACIÓN:</b>										
DEREITOS RECOÑECIDOS CORRENTES (CAP. 1 ó 5)				5.084.996,44	LIQUIDACION PPTO. E EXECUCIÓN 2021 A 2023:					
OBRIGAS RECOÑECIDAS CORRENTES (CAP. 1, 2 ó 4) (*)				5.054.663,96	INGRESOS	DER. LIQUI-21	DER. LIQUI-22	DER. LIQUI-23	DER. LIQUI-26	
(*) (sen incluír as derivadas de modificacións de crédito, financiadas con remanente líquido de tesourería)					Capítulo 1	1.268.695,71	1.363.660,18	1.247.806,27	1.268.695,71	
SUMA ANUALIDADES TEÓRICAS:				36.609,57	Capítulo 2	51.340,10	39.341,56	42.131,05	51.340,10	
AFORRO BRUTO:				30.332,48	Capítulo 3	959.147,62	784.901,45	1.012.691,30	959.147,62	
<b>AFORRO NETO</b>				<b>-6.277,09</b>	Capítulo 4	2.430.637,21	2.609.535,74	2.782.367,82	2.430.637,21	
					Capítulo 5	0,00	0,00	0,00	0,00	
					<b>Total</b>	<b>4.709.820,64</b>	<b>4.797.438,93</b>	<b>5.084.996,44</b>	<b>4.709.820,64</b>	
% AFORRO NETO SOBRE D.D.R. PPTO. CTE.				-0,12	GASTOS	OBR. RESO-21	OBR. RESO-22	OBR. RESO-23	OBR. RESO-26	
					Capítulo 1	939.431,95	978.658,35	1.209.054,30	939.431,95	
Débeda viva, incluíndo a proxectada.				366.095,69	Capítulo 2	2.982.317,39	3.322.697,69	3.676.126,59	2.982.317,39	
					Capítulo 4	232.014,35	168.743,94	169.483,07	232.014,35	
% Débeda viva sobre dereitos liquidados				0,07	<b>Total</b>	<b>4.153.763,69</b>	<b>4.470.099,98</b>	<b>5.054.663,96</b>	<b>4.153.763,69</b>	
por operacións ctes liquidados netos (máximo 75 %; equivalente 3,8% PIB E*)				7,20						

**SEGUNDO:** Rendición da Conta Xeral do exercicio 2023 ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo).

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE e 5 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de PP, BNG e MOVENEDA, quedando convertida en acordo nos seus propios termos.

## FORA DA ORDE DO DÍA

Previa ratificación da urxencia por unanimidade, ao abeiro do artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno entra no debate e votación do seguinte punto:

**MODIFICACIÓN DO PROXECTO “APERTURA, PAVIMENTACIÓN E IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS EN VIAL DE CAMIÑO VELLO A BACELA”, INCLUIDO NO PLAN COMPLEMENTARIO 2023 DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2023” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

O Pleno coñece do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria de 23 de setembro de 2024, do seguinte tenor literal:

**“9.d) Proposta de aprobación da modificación do proxecto correspondente ao contrato de obra: Apertura, pavimentación e implantación de servicios en vial de Camiño Vello a Bacela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 - 1ª fase do POS+Adicional 2/2023 (Exp. TEDeC 2023/C003/000009).-**

O 18.09.2023 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación de referencia, que foi adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 16.10.2023 á mercantil SYR-AMG, SL, que aceptou a adxudicación o 10.11.2024, tendo as veces de documento contractual.

O 13.11.2023 asinouse a acta de comprobación do reformulo, coa observación do director de obra, sen reserva do contratista, da procedencia de realizar a modificación do proxecto e a suspensión do inicio da obra ata que se aprrobe o devandito modificado.

O 19.09.2024 o director da obra emitiu o seu informe técnico sobre a necesidade do modificado e o proxecto, que copiado extractado sen o Anexos I: medicións e presuposto do proxecto orixinal e Anexo II: medicións e presuposto do proxecto modificado, di:

**“ASUNTO:**

Informe da Dirección Facultativa das obras de referido a MODIFICADO do PROXECTO de “APERTURA, PAVIMENTACION E IMPLANTACION DE SERVICIOS EN VIAL DE CAMIÑO VELLO A BACELA” correspondente á programación POS+ 2023

EXP: 2023/C003/000009

En referencia ó asunto do encabezado, o Arquitecto Municipal que subscribe, na súa calidade de Director de Obra dos referidos traballos, emite o seguinte informe:

**ANTECEDENTES:**

Na programación do Plan de Obras e Servizos de Diputación de A Coruña do ano 2023 por parte do concello de Neda propúxose, entre outras, a execución das obras de apertura, pavimentación e implantación de servicios en vial de Camiño Vello a Bacela, segundo proxecto elaborado polo Arquitecto Municipal que subscribe, que asume as funcións de Dirección Facultativa e Coordinación

en Materia de Seguridade e Saúde da referida obra.

O proxecto contempla a execución dun vial para tránsito rodado contemplado no vixente planeamento municipal, e unha vez adquiridos por cesión obrigatoria vencellada a licenzas urbanísticas a totalidade dos terreos para a súa apertura, prevista cunha distancia entre aliñación de 10 metros:




Adxudicado o contrato de execución da obra en Xunta de Goberno Local de data 16 de outubro de 2023 á mercantil SYR-AMG S.L. a adxudicación é aceptada en data pola citada empresa en data 10 de novembro de 2023.

Dada a entidade dos desmontes e a elevada pluviosidade do outono-inverno pasado, acórdase co adxudicatario acometer os traballos na primavera de 2024.

Ó efectos do asinado da acta de comprobación de replanteo, e dada a complexidade do trazado e rasantes do vial obxecto do traballo, decídese encomendar a tarefa de trazado sobre o terreo a un topógrafo, a cuxo efecto o que subscribe lle facilita as actas de aliñación e cesións correspondentes ás licenzas urbanísticas que motivaron as mesmas.

O traballo topográfico revela unha situación que fai imposible o asinado da devandita acta de comprobación de replanteo, que non é outra que, malia que na planimetría das NN.SS. o vial que se pretende abrir figura acoutado cun largo de 10 metros, na realidade (*realidade condicionada polas edificación preexistentes*) o largo dispoñible non pasa dos 7,00 metros, acadando un máximo de 8,73 metros:




O erro deriva da planimetría do plan, o cal figura acoutado o vial cun largo que graficamente é considerablemente menor.



A consecuencia evidente é que o vial previsto no proxecto, cun largo uniforme ó longo de todo o vial estaba previsto en 8,50 metros, coa intención de resolver os desmontes laterais con noiros de pendente moderada, literalmente, non cabe no espazo dispoñible para a súa execución, resultado preciso replantexarse, tanto o largo do camiño como a resolución dos desmontes laterais precisos para a súa apertura.

De resultas do indicado, modifícanse as características xeométricas do vial proxectado como se indica de seguido:



Non se prevé unha variación na dotación de servizos previstos para o devandito vial, dos cales tan so a rede de saneamento precisa ser levemente desprazada cara ó norte para manter o eixo da zona de rodadura, así como o desprazamento dos imbornais cara ós borde da devandita zona de rodadura; o resto das instalacións soterradas mantense como estaba previsto no proxecto orixinal.

De resultas do indicado respecto dos desmontes laterais, aparece un novo elemento non previsto no proxecto orixinal -muro de contención de formigón armado- derivado asimesmo da constatación realizada nos traballos de topografía de que, o diminuír o desmorte previsto, o material a extraer é de menor dureza do previsto, de xeito que una das unidades de obra correspondentes os movementos de terra é modificada, tanto en medición, como en características do material a escavar, e, conseguintemente, no seu prezo unitario. Lóxicamente, as unidades de obra referidas á movementos de terras, formación de firmes e capa de rodadura varían as súas contías.

RELACIÓN DE NOVAS UNIDADES DE OBRA

- 1.5 M<sup>3</sup> Formigón armado HA-25/P/40/ Ila N/mm<sup>2</sup>, con tamaño máximo do árido de 40 mm., elaborado en central en recheo de zapatas, zaxas de cimentación e trabes riostras, incluso armadura B-500- S (60 Kg/m<sup>3</sup>.), vertido por medios manuais, vibrado e colocado. Segundo CTE/DB-SE-C e EHE.

	Uds.	Largo	Ancho	Alto	Parcial	Subtotal
zapata muro norte	1	21,800	0,800	0,500	8,720	
zapata muro sur	1	30,000	0,800	0,500	12,000	
					20,720	20,720
<b>Total m<sup>3</sup> .....</b>				<b>20,720</b>	<b>189,60</b>	<b>3.928,51</b>

- 1.6 M<sup>3</sup> Formigón HA-25 de central armado cunha contía 30kg/m<sup>3</sup> en muros de contención de grosor <35cm ata unha altura de 3.50 m, i/encofrado de madeira a 1 cara, elaboración, ferrallado, posta en obra, vibrado e desencofrado, segundo EHE.

	Uds.	Largo	Ancho	Alto	Parcial	Subtotal
muro contencion norte	1	21,800	0,250	1,000	5,450	
muro contencion sur	1	30,000	0,250	1,000	7,500	
					12,950	12,950
<b>Total m<sup>3</sup> .....</b>				<b>12,950</b>	<b>361,16</b>	<b>4.677,02</b>

## RELACIÓN DE UNIDADES DE OBRA SUBSTITUIDAS

### Unidade de obra 1.1

- 1.1 M<sup>3</sup> Escavación en terreo rocha, con medios mecánicos adecuados, para escavacións en volumes continuos, incluíndo extracción e acopio a pé de máquina ou sobre camión.

	Uds.	Largo	Ancho	Alto	Parcial	Subtotal
desmonte talud norte (8883514NJ6188S0001KX) (122,75 m <sup>2</sup> )	1	27,100	4,530	2,500	306,908	
desmonte talud sur (8982312NJ6188S0000QZ ) (200 m <sup>2</sup> )	1	35,000	5,715	1,500	300,038	
sobreanchos dotacion pendiente a taludes (20%)	1	120,000			120,000	
					726,946	726,946
<b>Total m<sup>3</sup> .....</b>				<b>726,946</b>	<b>21,84</b>	<b>15.876,50</b>

### Substituída por:

- 1.1 M<sup>3</sup> Escavación e acopio a pe de máquina das terras escavadas, perfilando os taludes ca perfección que poida obtenerse ca máquina, sen refino dos mesmos. En terreo duro. Volumen do terreo medido en estado natural.

	Uds.	Largo	Ancho	Alto	Parcial	Subtotal
desmonte talud norte (8883514NJ6188S0001KX) (122,75 m <sup>2</sup> )	1	27,100	4,530	2,500	306,908	
desmonte talud sur (8982312NJ6188S0000QZ ) (200 m <sup>2</sup> )	1	35,000	3,600	1,200	151,200	
sobreanchos dotacion pendiente a taludes (20%)	1	120,000			120,000	
					578,108	578,108
<b>Total m<sup>3</sup> .....</b>				<b>578,108</b>	<b>14,79</b>	<b>8.550,22</b>

### Unidade de obra 1.4

- 1.4 M<sup>3</sup> **Recheo localizado con material filtrante tipo grava 20/50 mm en zanzas, pozos, trasdos de obras de fábrica emplazamentos e cementacións en calquera anchura e profundidade, incluso refino e compactación por tongadas. Inclúe material. Características segundo planos. Executado según NTE.**

	Uds.	Largo	Ancho	Alto	Parcial	Subtotal
zanja saneamiento (80%)	0,8	54,000	1,000	1,500	64,800	
zanjas instalaciones (90%)	2,8	54,000	0,600	0,600	54,432	
					119,232	119,232
<b>Total m<sup>3</sup> .....:</b>				<b>119,232</b>	<b>24,19</b>	<b>2.884,22</b>

Substituída por:

- 1.4 M<sup>3</sup> **Recheo localizado con material seleccionado, extendido, humectado e compactado por tongadas, con material procedente da excavación. Incluso carga, transporte e descarga a pe de tajo do material a empregar nos traballos de recheo e humectación dos mesmos, con un grado de compactación do 95% do Proctor Modificado.**

	Uds.	Largo	Ancho	Alto	Parcial	Subtotal
zanja saneamiento (80%)	0,8	54,000	1,000	1,500	64,800	
zanjas instalaciones (90%)	2,8	54,000	0,600	0,600	54,432	
					119,232	119,232
<b>Total m<sup>3</sup> .....:</b>				<b>119,232</b>	<b>7,01</b>	<b>835,82</b>

Xúntase en anexo os listados de medición e presuposto do proxecto orixinal e da modificación proposta.

O resultado da modificación do proxecto supón unha economía na execución do mesmo, ata certo punto lóxica tendo en conta que se reduce a sección transversal do vial, se ben, como xa se indicou, aparecen elementos novos -os *muros de contención*-. Ilústrase de seguido o resumo dos presupostos do proxecto orixinal e do modificado:

Resumo do presuposto do proxecto orixinal:

Proyecto: CAMIÑO EN CAMIÑO VELLO - BACELA (ENE '23)

<b>Capítulo</b>	<b>Importe</b>
Capítulo 1 TRABAJOS PREVIOS	43.905,24
Capítulo 2 ACTUACIONES SOBRE EL FIRME	10.842,47
Capítulo 3 SEGURIDAD Y SALUD	962,70
Capítulo 4 GESTION DE RESIDUOS	1.999,39
Presupuesto de ejecución material	57.709,80
13% de gastos generales	7.502,27
6% de beneficio industrial	3.462,59
Suma	68.674,66
21% IVA	14.421,68
Presupuesto de ejecución por contrata	83.096,34

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata a la expresada cantidad de OCHENTA Y TRES MIL NOVENTA Y SEIS EUROS CON TREINTA Y CUATRO CÉNTIMOS.

Resumo do presuposto do proxecto modificado:

Proyecto: CAMIÑO EN CAMIÑO VELLO - BACELA (sept '24)

Capítulo	Importe
Capítulo 1 TRABAJOS PREVIOS	43.675,22
Capítulo 2 ACTUACIONES SOBRE EL FIRME	8.684,36
Capítulo 3 SEGURIDAD Y SALUD	962,70
Capítulo 4 GESTION DE RESIDUOS	1.385,25
Presupuesto de ejecución material	54.707,53
13% de gastos generales	7.111,98
6% de beneficio industrial	3.282,45
Suma	65.101,96
21% IVA	13.671,41
Presupuesto de ejecución por contrata	78.773,37

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata a la expresada cantidad de SETENTA Y OCHO MIL SETECIENTOS SETENTA Y TRES EUROS CON TREINTA Y SIETE CÉNTIMOS.

O resultado é unha economía no presuposto de execución de 4.322,97 €, o que supón unha diminución dun 5,21% respecto do proxecto orixinal.

En referencia á modificación do proxecto, a vixente Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector público, no seu Libro Segundo, adicado ós contratos das Administracións Públicas, Título I, Capítulo I, Sección 3ª, Subsección 4ª, referida a modificación dos contratos, artigo 205º, referido a "modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais" a xuízo do Técnico que subscribe, e salvando opinión mellor formada en contra ofrece a solución á situación plantexada.

Así, en efecto, o devandito art. 205º indica:

*1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior, só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:*

*a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.*

*b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.*

*2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, a condición de que esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:*

*a) Cando deviñese necesario engadir obras, subministracións ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes:*

*1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.*

*En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.*

*2.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE/IVE excluído.*

*b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívase de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, a condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:*

*1.º Que a necesidade da modificación deríve de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever.*

*2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.*

*3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE/IVE excluído.*

*.../...*

Resulta evidente a necesidade de modificar o contrato suscrito coa adxudicataria dos traballos, modificación que non figura reflectida no prego de condicións que rexe o devandito contrato.

Resulta, asimesmo, evidente, que, en referencia a 205.1.a) a devandita modificación atopa acomodo no suposto 2.b) ó derivar de circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato; tal é a situación que xa se explicou nos antecedentes, e mesmo no tenor do informe, en referencia a falta de información topográfica detallada precisa para a elaboración de proxectos, e dada a carencia de medios topográficos deste servizo.

En referencia ás consideracións 1ª, 2ª e 3ª do citado apartado 2.b), esta Administración non era coñecedora das contradicións existentes na cartografía das NN.SS. empregadas para o sinalamento das aliñacións, para a realización das cesións precisas para a execución da obra, todo elo empregado, como únicos medios de información para a elaboración do proxecto, sen que elo derive en xeito algún en falta de dilixencia da mesma; non procede estimar falta de dilixencia deste servizo, por mor do proxecto elaborado en base a un soporte cartográfico deficiente.

A modificación proposta non só non altera a natureza global do contrato senón que é consubstancial á mesma: o obxectivo previsto coa actuación que se está a executar precisa, para o seu axeitado funcionamento, da modificación que aquí se está a tratar; a modificación non excede do 50% do prezo inicial, de feito diminúe o custe estimado nun 5,21% respecto do inicialmente previsto.

En cumprimento do prescrito en 205.1.b), a modificación se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fixo necesaria. Así, en efecto, e como xa se indicou, se identifica a causa das

modificacións na precariedade da cartografía dispoñible e dos medios técnicos dispoñibles por este servizo en tanto que redactor do proxecto; e se subsanan coa meirande economía posible.

De resultas do ate aquí indicado, o Arquitecto Municipal que subscribe, Proxectista e Director de Obra dos traballos de APERTURA, PAVIMENTACION E IMPLANTACION DE SERVICIOS EN VIAL DE CAMIÑO VELLO A BACELA, de conformidade cos antecedentes e tenor do presente informe, e en estrito cumprimento do disposto na vixente Lei 9/2017 de Contratos do Sector Publico,

### **PROPON**

- Que polo Órgano competente se aprobe o “MODIFICADO DO PROXECTO DE APERTURA, PAVIMENTACION E IMPLANTACION DE SERVICIOS EN VIAL DE CAMIÑO VELLO A BACELA” e se de continuidade a tramitación administrativa que proceda.
- Se inicie a tramitación administrativa conducente á modificación do contrato suscrito entre o Concello de Neda e a mercantil SYR-AMG S.L. para a execución dos traballos de APERTURA, PAVIMENTACIÓN E IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS EN VIAL DE CAMIÑO VELLO A BACELA, ó obxecto da asunción por parte do Órgano contratante das variacións de custe das obras en curso de execución.

O que se informa, ós efectos oportunos.”

Consta no expediente o informe conxunto da Secretaría e Intervención municipais, que copiado di:

“NORMATIVA APLICABLE Y ANTECEDENTES.

A normativa en os antecedentes respecto á cal faise a comprobación da adecuación dos asuntos fiscalizados é a seguinte:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (coas modificacións sucesivas).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Resolución do 25 de xullo de 2018, da IGAE, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros do 20/07/2018, respecto ao exercicio da función interventora no réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público.
- Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2024.
- Acordo plenario do 30.01.2023 polo que se acorda participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 da Deputación Provincial da Coruña, aprobándose os proxectos das obras incluídas neste Plan, así como os correspondentes ao Plan Complementario do POS+2023.
- Acordo da Xunta de Goberno Local do 04.07.2023 polo que se acorda participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan

único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento do investimento financeiramente sostible que mais abaixo se indica, xa incluído no Plan Complementario ao POS+ 2023.

- Circular da Deputación Provincial da Coruña de agosto de 2023 sobre a aprobación da 1ª fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2023, por maior achega provincial coa inclusión da obra “Apertura, pavimentación e implantación de servizos no vial de Camiño Vello a Bacela”.
- Acordo da Xunta de Goberno Local do 18.09.2023 de aprobación do expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato.
- Acordo da Xunta de Goberno Local do 16.10.2023 de adxudicación do contrato para a execución das obras de Apertura, pavimentación e implantación de servizos en vial de Camiño Vello a Bacela – incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 - 1ª fase do POS+Adicional 2/2023 (Expdte.: 2023/C003/000009).
- Aceptación da adxudicación do 10.11.2023 do adxudicatario, a mercantil SYR-AMG, SL, que fai as veces de documento contractual.
- Acta de comprobación de reformulo do 13.11.2023.

#### **ANTECEDENTES**

Acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 16 de outubro de 2023, de adxudicación desta obra.

Neste caso non procede a constitución de garantía, por canto que este expediente tramitouse a través do procedemento aberto simplifícadísimo recollido no artigo 159.6 da LCSP.

Documento contable AD con número de operación 220230007859, correspondente ás fases A e D, incorporado ao exercicio actual, por canto que a incorporación tivo lugar no exercicio 2023. O importe desta adxudicación é de 79.348,61€.

O prezo inicial desta licitación, sen IVE, ascende a 65.577,36€. O 20% do dito prezo é de 13.115,47€; e o 50% do prezo inicial é de 32.788,68€.

Aceptación, por parte do adxudicatario desta obra, do acordo de adxudicación, asinado o día 10.11.2023. A notificación foi posta a disposición do adxudicatario o día 19.10.2023, e este accedeu a ela o día 23.10.2023.

Acta de comprobación do reformulo, asinouse o 13.11.2023, coa observación do director de obra, sen reserva do contratista, da procedencia de realizar a modificación do proxecto e a suspensión do inicio da obra ata que se aprobe o devandito modificado.

#### **DOCUMENTACIÓN OBRANTE NO EXPEDIENTE RELATIVO AO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

Informe técnico emitido polo director de obra en canto ás incidencias xurdidas durante os traballos de execución da obra á que se refire este informe, e que supón ter que levar a cabo modificacións no proxecto de obra. Consta, polo tanto no expediente, o informe técnico sobre a necesidade do modificado e o proxecto.

O modificado do proxecto supón introducir novas unidades de obra, e a substitución doutras unidades de obra.

En conxunto, a modificación supón un 5,21% de diminución respecto ao proxecto inicial.

O prego de cláusulas administrativas particulares non contemplaba a modificación das obras.

O importe da modificación proposta non excede, en cómputo global (sumatorio de excesos e supresións de unidades de obra), do 20% do prezo inicial do contrato sen IVE, co cal sería obrigatoria para o contratista (artigo 206.1 LCSP). Tampouco supera o 50% do seu prezo inicial (artigo 205.2 b) 3º).

En relación ao importe do prezo inicial do contrato sen IVE, por canto que o importe da modificación sempre se refire ao prezo de adxudicación IVA excluído, e tendo en conta que o adxudicatario ofertara unha baixa do 4,51%; o importe das unidades de obra nova supoñen o 14,91% do prezo inicial do contrato, e as diminucións de unidades que se producen por substitución dunhas por outras supón un 16,24% do dito prezo. De aí que en conxunto, a modificación proposta (aumentos – diminucións) supoña unha variación á baixa do 1,3328% respecto ao prezo inicial do contrato.

En consecuencia, de aprobarse o proxecto modificado, o prezo modificado coa baixa do contratista (4,51%) será de 75.220,69€, o cal supón que as obras previstas no proxecto modificado reducen o prezo do contrato en 4.127,92€.

## **INFORME**

Tal e como establece o a cláusula 34 dos pregos que rexen este contrato, en coherencia co previsto na LCSP, a modificación do proxecto pódese tramitar de acordo co previsto no artigo 205 da LCSP, con carácter excepcional e sempre e cando concorran as condicións que se establecen no dito artigo.

De acordo co informe do director das obras do 19.09.2024, a xustificación de tal modificado tería encadre no suposto previsto no artigo 205.2.b) da LCSP.

De acordo co previsto no artigo 242.1 e 242.2 da LCSP:

*“1. Serán obrigatorias para el contratista las modificaciones del contrato de obras que se acuerden de conformidad con lo establecido en el artículo 206. En caso de que la modificación suponga supresión o redución de unidades de obra, el contratista no tendrá derecho a reclamar indemnización alguna*

*2.Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley.”*

Tal e como establecen os pregos que rexen este contrato na súa cláusula 34.2, en ningún caso o

técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela. Neste sentido, estes informantes entenden que o cumprimento de tal requisito será responsabilidade do director da obra e do adxudicatario.

Dende o punto de vista da Intervención só se pode mencionar que ata o día de hoxe non hai ningún importe certificado xa que a obra non se chegou a iniciar. Se houberse obra executada ou executada á marxe do proxecto será responsabilidade do director da obra e/ou do contratista, non destes informantes, aos que non lles corresponde verificar esta cuestión.

En consecuencia, o crédito existente a día de hoxe, en relación a esta actuación, ascende a 79.348,61 euros que se atopan en fase de gasto comprometido; de xeito tal que, de aprobarse a modificación proposta, o importe que resultará finalmente como prezo modificado coa baixa do contratista (75.220,69 euros) conta con crédito suficiente na partida de imputación do gasto.

No que respecta á acta de comprobación do reformulo, asinouse o 13.11.2023, coa observación do director de obra, sen reserva do contratista, da procedencia de realizar a modificación do proxecto e a suspensión do inicio da obra ata que se aprrobe o devandito modificado.

En canto ao órgano de contratación hai que ter en conta o Decreto da Alcaldía núm. 22/2023, do 03.07.2023, (BOP núm. 130, do 10.07.2023), no que se delegan todas as competencias da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, incluídas as relativas á materia de contratación.

O procedemento a seguir para a tramitación deste modificado é a recollida nos artigos 203 a 207 e 242 da LCSP e na cláusula 34.10 dos pregos que rexen este contrato, o cal supón o seguinte:

1. Proposta motivada do redactor do proxecto ou, no seu caso, do director. Neste caso, o director de obra é o quen formula a necesidade de levar a cabo a modificación do proxecto e deberán quedar debidamente acreditadas as razóns que xustifican o modificado, de acordo co previsto nos artigos 203 a 207 e 242 da LCSP.
2. Autorización do órgano de contratación, o cal vai someterse a consideración da Xunta de Goberno Local, que acordará tamén a procedencia de continuar a suspensión da obra, de acordo co previsto no artigo 139 do RLCSP, ata a autorización da Deputación Provincial da Coruña do investimento respecto do proxecto modificado.
3. Redacción do proxecto modificado. Neste caso omítese a audiencia ao redactor do proxecto por canto que foi redactado polos servizos técnicos municipais.
4. Audiencia ao contratista por un prazo de tres (3) días, aínda que a modificación prevista non supera o 20% do prezo inicial do contrato e a aceptación da modificación será obrigatoria para o contratista, de acordo co previsto no artigo 206 LCSP e a cláusula 34.9 dos pregos que rexen o contrato.
5. Informe do proxecto modificado da Secretaría e da Intervención.
6. Aprobación do modificado das obras polo órgano competente, neste caso o Pleno municipal, xa que se trata dunha obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 da Deputación Provincial da Coruña, así como os correspondentes ao Plan Complementario do POS+2023.

7. Remisión do proxecto modificado á Deputación Provincial da Coruña co correspondente certificado do acordo de aprobación.

8. Formalización en documento administrativo da modificación.

Xa que neste momento atopámonos no segundo (2) punto do procedemento descrito anteriormente, o expediente deberá completarse coa documentación descrita nos apartados terceiro (3) e seguintes.

Tendo en conta que as obras non se iniciaron, non procede ningunha comunicación á Intervención municipal respecto das unidades de obra que vaian quedar ocultas de acordo co previsto no artigo 242.3 LCSP. Non obstante, este extremo debe confirmalo o director de obra e, de existir, a Intervención municipal aplicará o previsto na base de execución núm. 53.5, delegando no director de obra, o arquitecto técnico municipal, tal comprobación. Todo isto sen prexuízo de que a Intervención municipal sexa convocada ao acto de recepción final da obra de acordo co previsto no artigo 210.2 LCSP.

De acordo coa cláusula 34.13 dos pregos que rexen o contrato respecto do reaxuste da garantía, non procede a súa aplicación xa que se trata dun contrato tramitado polo procedemento aberto simplificado, que segue a tramitación simplificada ou simplificado abreviado previstos no artigo 159.6 LCSP que non require a constitución de ningunha garantía definitiva.”

Tendo en conta que o Decreto da Alcaldía núm. 22/2023, do 03.07.2023, (BOP núm. 130, do 10.07.2023), delégalle todas as competencias da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, incluídas as relativas á materia de contratación.

En base ao que antecede e, en virtude do disposto na Disposición adicional 2ª da LCSP, Xunta de Goberno Local dáse por informada e, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.** Iniciar o correspondente expediente para a modificación do proxecto de obras: Apertura, pavimentación e implantación de servizos en vial de Camiño Vello a Bacela – Plan de obras e servizos (POS+) 2023, redactado polo Arquitecto municipal Francisco Javier Cernadas Veiga, con data xaneiro de 2023, cun presuposto de execución por contrata de 83.096,34 euros IVE engadido; incluído no contrato de obras co mesmo título e incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 - 1ª fase do POS+Adicional 2/2023; e adxudicado á mercantil SYR-AMG, SL mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 16.10.2023 por importe de 79.348,61 euros, IVE engadido.

**Segundo.** Darlle audiencia á mercantil adxudicataria deste contrato SYR-AMG, SL da modificación deste proxecto por un prazo de tres (3) días hábiles, de acordo co previsto no artigo 206 LCSP e a cláusula 34.9 dos pregos que rexen o contrato informándolle que o prezo modificado da adxudicación, coa baixa do contratista (4,51%), ascende á cantidade de 75.220,69 euros, o que supón que as obras prevista no proxecto modificado diminúen o prezo do contrato en 4.127,92 euros.

**Terceiro.** Declarar a continuación da suspensión da obra, de acordo co previsto no artigo 139 do RLSP, ata a autorización da Deputación Provincial da Coruña do investimento respecto do proxecto modificado.

**Cuarto.** Unha vez redactado o proxecto modificado, por estar incluído no Plan provincial de

cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 - 1ª fase do POS+Adicional 2/2023, sometelo a aprobación do Pleno municipal e, posteriormente, remitirle o proxecto, xunto cun certificado do acordo plenario á Deputación Provincial da Coruña para a súa revisión e, se procede, aprobación do proxecto modificado.

**Quinto.** Notificarlle este acordo ao Arquitecto municipal e redactor do proxecto, Francisco Javier Cernadas Veiga e á mercantil adxudicataria do contrato SYR-AMG, SL.””

Coñece tamén o Pleno seguidamente da conformidade amosada pola empresa adxudicataria do contrato SYR-AMG, SL, a efectos de levar a cabo a modificación do proxecto, e, polo tanto do contrato, en trámite de audiencia, en data 26 de setembro de 2024.

A vista de canto antecede, e a proposta da Alcaldía-Presidencia, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, PP e MOVENEDA, e 2 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as do BNG, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto de obras: Apertura, pavimentación e implantación de servizos en vial de Camiño Vello a Bacela – Plan de obras e servizos (POS+) 2023, redactado polo Arquitecto municipal Francisco Javier Cernadas Veiga, con data xaneiro de 2023, cun presuposto de execución por contrata de 83.096,34 euros IVE engadido; incluído no contrato de obras co mesmo título e incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 - 1ª fase do POS+Adicional 2/2023; e adxudicado á mercantil SYR-AMG, SL mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 16.10.2023 por importe de 79.348,61 euros, IVE engadido.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do proxecto modificado á Deputación Provincial da Coruña, cara a súa aprobación, se procede.

**TERCEIRO.-** Aprobado que sexa, de ser procedente, o proxecto modificado pola Deputación Provincial da Coruña, acordar a modificación do contrato adxudicado nos termos expostos no antecedente acordo da Xunta de Goberno Local, previos os correspondentes trámites legais.

## **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e cincuenta e dous minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral

